

Labra do enigma


Tras case un lustro sen dar á luz poemario ningún, neste 2006 Eva Veiga tirou do prelo dous novos volumes de versos: *A luz e a súas cicatrices* e agora *Desconcerto*, inserido na Colección “Mandaio” de Biblos Club de Lectores, que consegue con esta incorporación remontar o voo na súa máis que discutible liña publicista das últimas entregas, entre as que se contan varios textos nos que a celulosa dos exemplares chama a berros por unha planta de reciclaxe.

Desconcerto —que conta cunha decena de suxestivas ilustracións do pintor Alfonso Costa, compañeiro de andaina en múltiples proxectos da escritora— recolle e amplifica toda a poética que vén definindo esta autora nas últimas creacións, principalmente a partir do seu *A pedra insomne* (2002). A simboloxía, o ritmo versal, o xogo meta-

Do “cabalotempo” que se encrespa



ARMANDO REQUEIXO



fórico propio desta eumesa de Ombre cristalizan aquí nun extenso mostrario lírico no que teñen cabida moi diversas fórmulas poéticas e ben distintos universos referenciais.

Xorden, así, palabras solidarias contra as guerras que nos coutan, a prol dunha esperanza de sede saciada, mais tamén as lembranzas desoutro eu infante que se foi, dos instantes fudidos dun presente de luzadas epifánicas, as revelacións dos estranhos vieiros escolleitos por Amor, a agónica loita contra o río do tempo, pero, sobre todo, a reflexión perplexa e inquisi-

tiva sobre un mundo que nos desconcerta na súa vertice e aínda a indagación metapoética de autoconsciencia creadora.

Todas estas xeografías do sentir e o pensar teñen, de por parte, alternantes concrecións versais, que van desde o haikiano epigramático ata o poema en prosa, pasando pola paracantiga de amigo neotrobadoresca ou o poema de xogos gráficos vagamente vangardistas.

Non hai aquí, ben é certo, a forza descomunal, a pulsión incontible dos poemas sanguíneos e radicais que habitaba *A luz e as súas cicatrices*, pero non faltan tampouco as faiscas que alampean o escuro territorio do inefable, que dan razón do corazón abatido, do “cabalotempo” que se encrespa, deste peixe ictiostega evolucionado que somos como “fillos da sede” dun mar primixenio, sempre nun continuo “trebón febril/ contra os cantis do corpo”. Palavra maior: “Exiliados da verdade,/ labramos o enigma”.

VEIGA, Eva, *Desconcerto*, Ed. Biblos, A Coruña, 2006, páxinas